

O CONTROL ACCIONARIAL DAS GRANDES EMPRESAS: O “CORPORATE GOVERNANCE”, UNHA REVOLUCIÓN DO CAPITALISMO. ENTREVISTA A MICHEL ALBERT. ACCIONISTAS ESPAÑOIS E GALEGOS PIDEN CONTAS

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ¹

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

Michel Albert, alto funcionario francés, grande empresario, autor de *Capitalismo contra capitalismo* e conselleiro de política monetaria do Banco de Francia facía a título persoal unha entrevista para a *Revue d'Économie Financière* (nov., 1994) sobre o “Corporate Governance”.

Nos anos 80, despois do estoupido da burbulla financeira, da creba da economía casino, do turbocapitalismo, nos EE.UU., pero tamén noutros países, os accionistas dos fondos de pensións, etc., comezaron a tomar medidas para o control dos seus directivos, dos seus consellos de administración ó comprobaren, en bastantes casos, cómo, mentres caían en picado os beneficios, os devanditos conselleiros e altos directivos se autoadjudicaban espectaculares incrementos de soldo, accións, múltiples e diferentes melloras económicas, en especie..., sen ter en conta a moi negativa marcha das súas empresas.

En Francia produciuse un soado escándalo cando *Le Carnard Enchaîné* publicou o salario do presidente-director xeral de Peugeot, incrementado notablemente, mentres a devandita empresa, debido ás perdas, tomara medidas drásticas sobre os salarios, etc.

Estas iniciativas deron lugar a un gran debate nos EE.UU. onde algúns non dubidaron en cuali-

ficadas de revolucionarias, de accións que poñen en cuestión o modelo capitalista vixente. No *New York Times* e outros medios tivo lugar unha polémica na que se apuntou por algún analista que, precisamente, cando caera o Muro, cando afundira o comunismo no Leste, este entraba nos EE.UU. da man dos fondos de pensións, do “Corporate Governance”...

A outro ámbito, grupos ecoloxistas americanos, alemáns, daneses, italianos... tamén puxeron en marcha iniciativas para facérense con accións de empresas co fin de participar na súa asemblea de accionistas e denuncia-las políticas contaminantes, depredadoras, etc., de determinadas empresas.

En España, forzados pola situación, constituíronse asociacións de pequenos accionistas, como por exemplo en Banesto despois do caso Mario Conde, para defende-los seus dereitos e esixi-las responsabilidades que procedesen. Outros casos nos que se viron afectados gravemente os cotizantes, depositantes, os pequenos accionistas “que non estaban na pomada” foron: Banca Garriga-Nogués, Bank of Credit and Commerce de España, Banco Europeo de Finanzas, Banco de Levante, Banco de los Pirineos, Banco de Descuento, expropiación de Rumasa, Banca Catalana, BEP (Basols, Forcadell, Planasdemunt), Gabinete de Gestión y Asesoramiento Financiero SA, caso de

De la Rosa, Ibercorp, PSV, Cruz Vermella, Real Madrid...

Os fondos de pensións tratan de controla-los directivos, o consello de administración das empresas nas que participan, para esixirlles bos rendementos nas súas xestións, que os seus bens sexan productivos. Os fondos, entre outras cousas, propoñen o nomeamento de administradores independentes dos directivos, dos conselleiros.

2. ENTREVISTA A MICHEL ALBERT

P.- ¿O movemento do “corporate governance”, o “gobierno de empresa” é unha moda ou o comezo dun cambio importante na organización e xestión das firmas?

R.- É máis ca iso. É unha verdadeira revolución no corazón do capitalismo. Como toda revolución convoca ó pobo e o pobo do capitalismo son os accionistas, a miúdo representados por grandes organizacións de xestión colectiva do aforro. Como sempre, o pobo mobilizado por unha revolución pide cabezas. Neste caso, as primeiras cabezas pedidas e cortadas foron as máis prestixiosas. Nalgús meses, unha boa media ducia dos patróns das grandes empresas foron substituídos: IBM, Apple, General Motors, Kodak, American Express... Unha liquidación que non ten precedentes na historia económica contemporánea. Trátase da expresión dunha nova forma de lexitimación do capitalismo nos EE.UU.

O “gobierno de empresa” consiste en non darlles ós directivos, ós dirixentes das firmas, máis ca un só e único obxectivo, o de maximiza-lo beneficio e os dividendos. Os accionistas reforza-lo seu poder dándose os medios de controlar estreitamente as contas grazas, en particular, á nominación de comités de auditoría externos. Neste sentido, estamos ante unha era oposta á “era dos organizadores”. Os organizadores pasan a ser simples empregados e, con frecuencia, en precario.

P.- ¿Cales serán as consecuencias desta revolución?

R.- Esta tendencia, na miña opinión, é fundamental non só para as empresas senón para a sociedade en xeral. Unha boa parte do dereito e das prácticas das empresas vese posta en cuestión, de

forma especial a función dos xestores. Estes quedan nunha situación de inestabilidade virtual e non poden facer carreira a non ser que sexan competitivos.

Ademais, o “gobierno de empresa” casa moi ben con outra innovación do capitalismo anglosaxón: o “reengineering”. Producir máis “hic et nunc”, “aquí e agora”, ese é o obxectivo destes métodos introducidos o ano pasado despois da publicación do libro de Michael Hammer e James Champy, o *Reengineering* (ed. Dunod, hai traducción ó español), do que se venderon uns millóns de exemplares, dos cales douscentos mil foron vendidos no Xapón. “A diminución do persoal debido á reorientación de procesos de xestión non debe ser arredor do 15% ou do 20%, senón arredor do 80% ou do 90%. O tempo necesario para poñer un novo produto en servizo non debe pasar de 6 a 5 meses, senón de 6 a 3 semanas”.

O proceder desta reorganización radical supón unha reviravolta total do concepto existente de empresa. Esta debe revisar de forma permanente as súas arbitraxes, as súas medicións entre o que fai e o que subcontrata.

Por tódalas partes estamos asistindo a unha substitución dunha relación salarial estable por unha relación comercial inestable. Nesta nova lóxica, o emprego de duración indeterminada aparece como irracional, é dicir, incongruente. Ato-pámonos no polo oposto do modelo “renano” ou do modelo xaponés, que ten unha filosofía profunda que consiste en que se pode establecer unha harmonía entre progreso económico e progreso social, especialmente personalizando e estabilizando empregos cada vez máis altamente cualificados e, polo tanto, pouco intercambiabes.

P.- ¿Cales son as orixes deste movemento e as súas razóns?

R.- En primeiro lugar, unha competición encarnizada entre as diferentes formas de investimento. Nos EE.UU. os fondos de pensións practican o “Wall Street Walk”, o salto dun título a outro en permanencia. En 1960, a duración media de posesión das accións americanas era de sete anos; hoxe é de nove meses e de sete meses para os fondos de pensións.

O “corporate governance” baséase en ideas magníficas, as da democracia, e desemboca nun principio de eficacia indiscutible. Os poderes de

propiedade e de xestión están separados: en lugar da opacidade e da ambigüidade, a transparencia impónse. Esta faise segundo un principio de economía financeira: a empresa ó completo debe traballar para satisfacer os organismos de xestión colectiva e, especialmente, os fondos de pensións, por iso os xestores son recrutados entre os máis profesionais, os máis competitivos, que actuarán baixo os criterios das axencias de "rating", de clasificación. A partir de aí, a empresa ó completo mobilízase, actúa baixo presión e, por iso, consegue maiores cotas de eficacia; cando menos, ó principio.

P.- "Cando menos, ó principio..." ¿A empresa pode vivir na inestabilidade permanente?

R.- Este sistema obriga a realizar innegables progresos en materia de transparencia e de información e tamén no relativo á igualdade dos accionistas. As accións sen dereito a voto ou outras formas amputadas de propiedade son xustamente postas en cuestión. O novo período de competitividade de varios sectores da industria americana explícase, en parte, cando menos, polo "corporate governance". Iso comezouse a comprender no Xapón, onde o dereito de sociedades foi modificado en 1993 para permitirllas ós accionistas pedirllas contas xudicialmente ós directivos, ós conselleiros, ós dirixentes de empresa negligentes, pouco profesionais, pouco rigorosos...

O director financeiro de Daimler-Benz, comentando a decisión histórica tomada polo seu grupo de cotizar na Bolsa de Nova York, declarou: "En Alemaña temos por tradición non ter en conta, descoida-los accionistas... Isto debe cambiar".

Sen embargo, o "corporate governance" presenta certos inconvenientes. Incluso se os mercados financeiros poden interesarse en proxectos de rendibilidade diferida, a lóxica do curto prazo pode seguir prevalecendo. Nestas condicións, algúns temen a destrución de lazos de confianza no seo da empresa, é dicir, unha certa "xudicialización", vector de desconfianza e de contenciosos. Se o espírito mercantil viñese a substituí-la conciencia profesional, daquela este sistema non sería sinónimo de mellora da competitividade. Os custos ocultos do "corporate governance" co tempo poden ser elevados. Remítome a François Perigot, o presidente da Confederación Nacional de Empresarios Franceses (CNPF), cando declara: "O

modelo liberal está terriblemente ameazado. As empresas occidentais deben atopar regras de solidariedade compatibles coa eficacia".

O "corporate governance" pode, á inversa, separa-la eficacia da solidariedade.

P.- ¿Trataríase, daquela, dunha derivación, dunha desviación do capitalismo anglosaxón á que se opoñería o "modelo renano"?².

R.- Hai, en efecto, unha xeopolítica do "corporate governance". Esta impónse mellor nos EE.UU., especialmente nos seus aspectos xurídicos. En Europa, a aclimatación é máis difícil. Pero convén ter en conta o rexeitamento dos accionistas de Volvo a acepta-la fusión con Renault. Para Pehr Gyllenhammar, que foi presidente da firma sueca, "púxose de moda xestionar en función da única rendibilidade das accións e de dirixir facendo proba dunha certa brutalidade (...). Sempre crín nas virtudes capitais do mercado, pero sempre pensei tamén que certas solidariedades eran boas para a empresa e para a sociedade. E que, en consecuencia, eu non teño unicamente o meu mandato de xefe de empresa en función dos meus accionistas, senón tamén dos empregados da comunidade". Agora ben, como é sabido, Gyllenhammar perdeu o seu posto...

O debate está tendo lugar a escala internacional. Nos EE.UU., incluso a Corte Suprema de Delaware xulgou en 1986 que, cando unha empresa é obxecto dun proxecto de compra, absorción ou da súa fusión, o seu consello de administración ten o deber de tratar de conseguilo prezo máis elevado para os accionistas e non ter en conta os intereses das outras partes interesadas no mantemento da independencia da empresa. Estamos, polo tanto, ante un Estado favorable ó "corporate governance". Noutros Estados americanos, en 29, a lexislación é diferente e obriga ós administradores a teren en conta os intereses das partes interesadas: clientes, provedores, colectividade locais onde ten a súa sede a empresa, empregados.

A grosso modo, pódese dicir que os países "de banco", "de aforro", como Alemaña, se opoñen ós países "de bolsa", "de especulación", como EE.UU. ou Gran Bretaña.

En Alemaña, a empresa por lei debe satisfacer os accionistas pero tamén os clientes, empregados e debe ser unha boa cidadá fronte ó seu medio ambiente, fronte á súa contorna. ¡A pura

lóxica do mercado é outra moi distinta! E o debate intervén, é preciso subliñalo, no momento en que moitos estiman, comprendidos os EE.UU., que a verdadeira riqueza da empresa é o seu capital humano.

P.- ¿Que leccións se deben sacar do “corporate governance”? ¿É necesario autorizar en Francia os comités externos de auditoría nomeados polos accionistas?

R.- En primeiro lugar, é preciso felicitarse da obra realizada nestes últimos anos en favor da transparencia dos mercados. Todo o que a Comisión de Operacións de Bolsa (COB) tomou, neste sentido, dos países anglosaxóns é positivo. Sen dúbida, aínda queda por organiza-la cooperación internacional que é indispensable ante a mundialización da economía e dos mercados financeiros. No relativo ó resto, penso que hai que evita-lo afán de lexislalo todo.

A creación dun comité de auditoría encargado de verifica-las contas presentadas polos directivos, por exemplo, debe deixarse á libre elección do consello de administración. A presenza neste consello de administradores independentes é moi útil, como proba o exemplo holandés, pero facela obrigatoria provocaría anticorpos e nesgos.

Todo este proceso para ser eficaz debe seguir un método empírico e, dalgún xeito, biolóxico.

3. CARTA ABERTA DUN ACCIONISTA DE BANESTO A MARIO CONDE

De seguido incluímos unha carta aberta dun pequeno accionista de BANESTO a Mario Conde, que foi publicada polos medios de comunicación (xullo 1991). Este accionista, ó tanto das accións que grupos de accionistas estaban desenvolvendo a escala internacional sobre o control dos directivos, dos consellos de administración, pedíalle contas a Mario Conde, presidente do Consello de Administración de BANESTO polo malgasto levado a cabo pola Fundación BANESTO co financiamento do seminario de superluxe e moita bacanal (como subliñaron os medios de comunicación españois e soviéticos; aínda estaba Gorbachov no poder) coordinado por Alfonso Guerra sobre a “transición española” en Moscova (xullo de 1991) e no que participou tamén o presidente do goberno, Felipe González, e un amplo

grupo de altos cargos do goberno español e do PSOE (do sector guerrista).

A carta aberta é a seguinte:

“Como pequeno accionista de BANESTO, diríxome ó presidente do Consello de Administración do devandito banco, D. Mario Conde, despois do lamentable suceso que supuxo o curso sobre “A transición política española” celebrado en Moscova baixo a coordinación de Alfonso Guerra e financiado enteiramente por BANESTO, incluídas as dachas, os máis de 50 coches (en principio, solicitaronse 14 coches, segundo os organizadores moscovitas. Curiosos seminarios estes nos que os relatores solicitan coches) esperando que terminaran as troulas ás 5 da mañá nos restaurantes moscovita Praga, Pekín, etc., o caviar beluga, as suites, as viaxes de máis de 70 persoas! (os invitados coas súas “donas e/ou compañeiras/os en principio ían ser, segundo o programa, 32. O que tampouco está nada mal para un curso en Moscova no mes de xullo, que, como di un dos organizadores moscovitas, Pichik, “Moscova queda totalmene baleira”), etc.

O curso, como ía celebrarse con claro sabor español con influencias mouriscas —polo dos xequés, sultáns...—, tivo un horario de tarde, que o Sr. Pichik interpretaba así: “seminarios pola tarde, nun horario español, respectando a sesta, cando estamos na URSS”, para xustifica-la asistencia, que nunca superou os 15 moscovitas.

En varias sesións, como a do ministro Virgilio Zapatero, a asistencia non pasou de tres persoas.

O sectarismo, partidismo, amiguismo malgastador na confección do curso foi total: o Sr. Guerra, como se se tratase da Universidade de verán do PSOE ou dunhas desas sesións de adhesión como as de Xávea, convidou os seus amigos, colaboradores e leais como pagamento pola súa “lealdade inquebrantable”, a maior parte dos cales pouco ou nada tiñan que ver co asunto que se ía tratar; e prescindiu de protagonistas esenciais da transición política española. A cousa non sería nada novo se se tratase dunha das moitas xornadas, coloquios, seminarios, etc. absolutamente partidistas e sectarios na súa concepción e desenvolvemento ós que nos teñen afeitados os dirixentes do PSOE. Pero o feito é grave, pois na súa organización estaban implicados a Fundación BANESTO, a Universidade Complutense e o Estado. A viaxe a Moscova era unha das misións

diplomáticas oficiais máis importantes de España presidida polo presidente do goberno, Felipe González, e acompañado por varios membros do seu gabinete.

Non hai ningunha desculpa para os Srs. Conde e Villapalos, pois en representación das súas institucións deberían ter supervisado, coa máxima atención, todo o relativo á organización dese curso ata os mínimos detalles. Non o fixeron e son absolutamente responsables de tamaño desfeita, polo que non saen moi ben paradas as institucións que presiden. Tanto o claustro da universidade coma a xunta de accionistas deben pedir-lles contas ó respecto.

É deplorable que mentres a universidade “de outono, inverno e primavera”, incluída a Complutense, ten tantas carencias de infraestrutura, servicios, medios económicos, material, bibliográfico, informático, etc. se monten este tipo de shows.

Polo que se refire ós accionistas, estes deberían mobilizarse como o veñen facendo en Australia, Canadá, EE.UU., Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Holanda, etc.; onde se constitúen coordinadoras de accionistas para levar a cabo diferentes tipos de iniciativas: agrupar accións, intervir nas xuntas, convocar xuntas extraordinarias, formular mocións, recursos, pedir contas, editar informes, distribuír comunicados, facerse notar —incluso espectacularmente, cando menos tanto como o fan algúns presidentes de consellos de administración, rectores— en tódolos ámbitos que teñen que ver coa “súa” empresa. Nestes momentos, en EE.UU. hai en marcha campañas de accionistas (en empresas como ITT, IBM, Time-Warner, Reebok, Chrysler, General Dynamics, Fries, etc. As revistas *Business Week*, *Fortune*, etc. denunciaron numerosos casos) para evidenciar que, mentres que as “súas” empresas tiveron perdas importantes, os directivos aumentaron os seus salario ostensiblemente, se atribuíron uns extras absolutamente desproporcionados e, en moitos casos, realizaron malgastos intolerables. Os accionistas organizaron campañas ecoloxistas, accións a favor dos dereitos humanos, contra o apartheid, o armamentismo, os réximes autoritarios, o consumismo malgastador, contra formas de organización do traballo, a división internacional do traballo alienantes e profundamente inxustas e explotadoras que reforzan a dualización e trialización social, etc.

Pola súa parte, o presidente do goberno, o Sr. González, unha vez máis, patrimonializou o Estado e a súa diplomacia de forma partidista ata tal punto que, despois de ve-la información dada pola televisión española sobre a viaxe diplomática a Moscova e o famoso show do curso do Sr. Guerra e os seus amigos, non se sabía cando o presidente do goberno de tódolos españois actuaba como tal ou o facía como secretario xeral do PSOE, como socio de Mario Conde, benefactor da súa Fundación BANESTO (dirixida pola esposa do ex-ministro García Vargas), nun curso completamente partidista, con prezos prohibitivos e organizado rematadamente mal. ¿Acaso o presidente do goberno, que tanto fala de rigor, que tanto se preocupa de dar-lles leccións ós demais, non tivo tempo para que o seu equipo de protocolo, de misións diplomáticas, etc. evitase, como é a súa obriga, que se dese tamaña confusión entre o Estado e o partido que preside nun “curso ou seminario” tan lamentable, tan manipulado polos organizadores moscovitas e españois?

Como accionista de BANESTO solicito unha xunta extraordinaria para perdirlle explicacións ó Sr. Conde. Animo a tódolos accionistas de BANESTO e doutros bancos, empresas, cooperativas, etc. a face-lo mesmo, a mobilizarse a tódolos niveis para impedi-la corrupción, o malgasto, o nomenclaturismo, a timocracia. Como cidadán pido que interveña o Parlamento, o Defensor do Pobo, etc.

O comunismo morreu, viva o capitalismo socialista obreiro español, modelo exportable para o mundo con D. Alfonso de cociñeiro, os banqueiros de financeiros, don Felipe de chistera e Villapalos poñéndolle-la peculiar guinda estival-universitaria española.

NOTAS

1. É o responsable da traducción, introducción, notas e documentos.
2. Michel Albert no seu libro *Capitalismo contra capitalismo* sinala que actualmente no mundo, unha vez que o comunismo o afundiou, o dilema dáse entre un “modelo anglosaxón de capitalismo”, que funciona a curto prazo, que se basea máis na especulación, a economía casino, a bolsa..., e un modelo “renano” que se basea máis no longo prazo, na produción industrial, o aforro, o emprego máis estable...